Apreciado alumno:

Esta etapa de *Filosofía e cidadanía* consta de 4 temas, que gardan certa unidade de contido.

- A sección 5ª iníciase coa distinción entre racionalidade teórica e práctica, para despregar despois o panorama global da problemática filosófica e das súas ramas principais (principais preguntas e problemas filosóficos). Finalmente, presentaranse os eixes centrais da Filosofía teórica (Gnoseoloxía ou Teoría do coñecemento e Metafísica), deixando para os tema seguintes a Filosofía práctica.

- A sección 6ª sitúase xa na Filosofía práctica: Os fundamentos da moralidade humana. Parte da análise das bases constitutivas da moralidade humana, para reflexionar despois sobre o proceso da socialización moral, e rematar coa evolución da moralidade dende a heteronomía á autonomía.

- Na sección 7ª analizaranse as principais teorías éticas, especialmente as máis relevantes na actualidade, como resposta aos retos da sociedade actual: Utilitarismo, Neocontractualismo e Ética dialóxica.

- A sección 8ª remata este segundo bloque de contidos, coa análise da xénese histórica e da fundamentación filosófica da idea de “cidadanía”. Serve así de ponte para a 3ª e última parte, que será de Filosofía política, pois a idea de cidadanía é a expresión política da autonomía moral do suxeito humano.

Coma sempre, queremos recordarche que as teorías e conceptos a estudar non son máis que instrumentos, que poden ser útiles para a túa reflexión, que é a que de verdade importa: o propio filosofar vivo que ha de alumear o camiño da propia vida. Na medida en que isto che axude consideraremos pola nosa parte cumprido un obxectivo.